

*Contiene  
Manuscrito de los  
Cayones de Asturias*

JESÚS RODRÍGUEZ LÓPEZ

**COSTUMBRES GALLEGAS**

**A MALLA**

Poesía premiada en el Certamen literario de Lugo  
el año de 1894

LUGO

IMP. DE "EL REGIONAL"  
7-SAN MARCOS-7

1894

Arquivo : Arquivo Arago Pindal, compra

86 F. 16518

# COSTUMBRES GALLEGAS

---

## A MALLA

*Poesía premiada en el Certámen literario de Lugo*

*el año de 1894.*

LUGO

IMP. DE "EL REGIONAL,"  
7-San Marcos-7

1894

R.16081





*Al Ilmo. Sr.*

**Don Valentin Portabales Blanco**

*en testimonio de la cordial amistad y veneración  
que le profesa su querido discípulo*

*Jesús Rodríguez López.*





## UNHA COSTUME DE GALICIA

---

### A MALLA

#### I

O día en que sucederon  
as cousas que vou contar  
escomenzaban á malla  
os da casa do tío Brais,  
qu' é o labrador mais rico  
que hay n' aldea do Vilar;  
pois n' a eira que pegada  
por un lado á casa está  
loce tres palleiras d' erba  
e catro medas de pân.

Era unha mañá d' Agosto  
muy crara e limpa mañá,  
e n' a porta do zoleiro  
estaba Mingos do Val

amañando algunhos malles  
que gardaran do outro brau.

Tiña xunto d' él un cesto  
con tiras de correal,  
qu' é de pelexo de cabra.

Tiña n' o cesto, ademais,  
pra casulas é inzadoiros  
coiro de cocho e de can,  
unha subela, unha villa,  
cravos de total-as cras,  
un martelo, unhas tixeiras  
muy enferruxadas xa  
e, pr' abrandar mais os coiros,  
un pouco lardo sin sal.

Nou tardou en ir chegando  
pouco a pouco a moceda  
sin malles, sendo de lonxe,  
co- eles s' eran do lugar,  
pois tiña moitos amigos  
tod' a xente do tio Brais.  
por ser sempre moy doída  
pra calquer necesidade.

Como o sol fora subindo  
y-escomezaba a quentar  
por mor d' estendel-a aira  
de cara á ela algús van.

Un home súbese á meda  
e tira mollos ó chau,  
que os outros van estendendo  
en ringleiras por igoal,



hastra que cobren a aira,  
y-asi que cuberta está  
deixana quedar quencendo  
mentras que van almorzar.

## II

Xa n' a mesa pro almorzo botaran  
as tazas de caldo,  
e por frente das mesmas se foran  
os homes sentando,  
que a muller xa colleu por costume  
comer n' o regazo.

Unha fonte de pau con cachucha  
lacón e mais lardo,  
foi correndo d' un n' outro, hastra iren  
a carne tallando  
e poñendoa n' o pan, que, en cortezos,  
lles sirve de prato.

Desque acaban escollen os homes  
os malles pesados,  
escollendoos as nenas lixeiros  
ou ben menos largos.  
E dempois cara a eira camiñan,  
xa rindo ou falando,  
menos Mingos do Val, qu' ese queda

sentado n' o bango,  
amañando n' os malles qu' estaban  
roidos dos ratos,  
pois non pode mallar que padece  
fai tempo d' un frato.

## III

Entr' as mozas que mallan n' a eira  
non-hay de mais garbo,  
que Carmela, rapaza garrida  
de vintedous anos.  
a morena d' ollíños mais negros,  
de dentes mais brancos,  
de beizos mais roxos,  
de pelo mais largo,  
e de corpo mais feito e xeitoso  
que pisa no campo,  
pol-o qué n' as romaxes a chaman  
a fror de Seixalvo.

Destacaba tamen entr' os homes  
qu' estaban mallando  
un bô mozo, mais branco qu' os outros  
y-aseñoritado.

El è un xastre qu' en toda a redonda  
ten moito traballo,

e que din qu'ás meniñas engaña  
por arte do diño.

Non hay outro que teña mais gracia  
pra ter sempre contos  
que veñan ó caso,  
nin quen faga vestidos e cuellos,  
xustillos e dengues  
mais ribiritados.

Anda tras de Carmela de cote,  
pro non lle fai caso,  
pois hinchou outras novias que tivo  
deixándoas o cabó.

E por eso lostréganll' os ollos  
ó ver os encantos  
pol-os qué se debece fai tempo  
sin poder logralos.

## IV

Hay costume entr' os mozos que mallan,  
de veces en cando,  
de votar unha folga, en que petan  
mais forte n' o grao.

Uha vez en qu' a airada xa estaban  
cuasque arrematando,

a Carmela ceibóusell' o pétego  
e foi amañalo.

Tiña a moca do malle Carmela  
collida d' un cabo,  
pra poder pol o outro amañala  
con menos traballo,  
cando o xastre chegou engordino  
a xunto d' entrambos,  
e facendolle cóxegas a ela  
con unhos fiaños  
sacudía as orellas a moza  
por moscas tomandoos.

—Está queda Carmela co-a moca.

Si te moves tanto  
fas varear a correa, e non entra  
nin dou co furado.»

Cando oiu o que Mingos decía  
botouse a rir Marcos  
y ela entonces erguendose apresa,  
comprendendo o engaño,  
d' un brinco colleuno  
por baixo dos brazos,  
e facendoll' a chombra, lixeira,  
tumbouno debaixo  
y-asinouno cos dentes n' a frente  
facèndoll' un galo.

E dempoixas erguendose axiña  
deixandoo burlado  
foi pra aira, e collendo a coañeira  
barreu os coños.

## V

Xa se sabe que o pan que se malla  
vay por estes pasos:  
tenden, mallan, a airada revolven,  
e volta á mallalo.

En despoixas espallan y-en feixes  
a palla qu' é larga  
van amontonando,  
qu' ó palleiro algus homes a levan,  
namentras qu' en tanto  
outros xuntan a palla miuda  
con malles y-angazos  
y-os coños axuntan n' un verbo  
con secos ramallos.

Como o sol y o maller tod' o día  
dan moito cansaceo,  
entre cada mallada descansan  
á sombra deitados,  
un pito facendo,  
ou rindo, ou ruando.

## VI

Ó xentar tod'os beben o viño  
por un mesmo vaso,  
y-a comida rematan con cuncas  
de leite mazado.

Y-as rapazas que poden ós mozos  
coller descuidados,  
fan saltarlles o leite d'as cuncas  
tirándolles drento  
de pan us anacos;  
diversión que dá sempre motivo  
pra ditos e contos  
que mais val calalos.

## VII

Cando o sol pol a tarde se quere  
pousar n'os colados;  
cando o vento que s'ergue mainiño  
refresca os seus rayos;

e se ven acaron do terreo  
voar os paxaros,  
en busca dos niños,  
a noite ventando,  
van facendo unha pila n' a eira  
co grau que mallaron,  
qu' aventan y-escriban  
por mor de limpalo,  
e lévano ò lombo  
pr' as huchas, en sacos.

## VIII

Entramentras os mozos co-as mozas  
están rebincando  
por ali, pol-a palla miuda,  
cal si foran santos.

Anqu' ó xastre pasoull' a perrencha  
de verse asinado  
a Carmela meteuse entr' as mozas  
qu' estaban cantando,  
Y-unque deulle mais voltas que un zorro,  
perdeu o traballo,  
pois non puido atraer a Carmela  
n' adiantar un palmo.

## IX

Cada un foi largando pra casa  
depois que cenaron,  
non sin antes n'a porta d'a eira  
cantar unhas copras  
y-aturuxar largo,  
qu' esto indica que salen as xentes  
alegres de casa,  
contentas d'o amo.

A Carmela marchouse con outra  
tamen de Seixalvo,  
y-a pouquiño votou detrás d'elas  
o prove d'o Marcos  
por mór de pillalas  
apertando o paso.

Non tardou en coller á Carmela  
con outro falando.

Era o herdeiro d'Abol. Non valia  
siquera dous cartos  
prò levabaa con moito agarimo  
collida d'o brazo.

Vendo estonces qu' o tempo perdera  
cos seus agasallos,  
quixo ver s' o ganaba co-a outra;



per' os poucos pasos  
atopouna en compañía d' un punto  
que non era manco  
y-acababa de vir do servicio  
pois era soldado.

Aseguran qu' o xastre destonces  
seguiu cavilando:

—«Non-a tendo de meu, os deseos  
non se ven calados,  
pra calmar á iluseon, novidades  
van sempre buscando  
e non quero expoñerme á estas crebas  
ni-a mais xiringazos.»

Non tardou moito tempo este xastre  
en verse casado  
co-a pormeira muller que quixera  
facía algus anos.

E pasou, que xa tiña seis fillos  
moi espabilados,  
cando foi a mallar a sua eira  
á fror de Seixalvo,  
que perdera a color y-a frescura,  
perdera os encantos  
y-astra o olor conque tanto atrouxera  
ós mozos de rango.


Pra casarse botara mais contas  
que ten un rosario;  
pero os novios que tivo non paran  
que pasan de largo  
y-os demais non acuden ó cebo

nin pode pescalos.  
E vendo os meniños  
qu' estaban criados  
lembrouse con pena  
d' os tempos d' antano,  
e dixo—Xa vexo  
que ben vay medrando  
a tua cosecha.

E díxolle Marcos  
—Traballo en bes propeos  
e d' eles reparo.  
Estas cousas do tempo e d' as xentes  
á malla as comparo:  
algús mallan e collen o fruto  
que ven sazonado  
y' outros mallan e mallan, e nada,  
non collen un grao.

21 de Septiembre de 1894.







REAL ACADEMIA  
GALEGA

F-16518